

1.5 CONSELLO ESCOLAR DE CATALUÑA

CONSELLO ESCOLAR DE CATALUÑA

I ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

I. 1 MARCO LEGAL

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE) outórgalle configuración xurídica a un profundo proceso de reforma do sistema educativo. A lei responde ó contexto democrático e autonómico, á integración e homologación no marco comunitario europeo e á adecuación do ensino ás esixencias formativas que se derivan da evolución socio-cultural e económicas.

A partir desta normativa básica e tendo en conta os resultados do proceso de experimentación da reforma educativa en Cataluña e a tradición pedagóxica catalana, o decreto 75/1992, do 2 de marzo (DOGC do 3 de abril) establece os principios que debe segui-lo desenvolvemento curricular na educación infantil, no ensino primario e no ensino secundario obligatorio en Cataluña. Concretamente, o artigo 9 establece:

- 9.1. Os proxectos curriculares deben permitir concrecions individuais axustadas ás características, os ritmos de aprendizaxe e a singularidade de cada alumno, cousa que, concretamente, facilitará a aplicación dos principios de integración e individualización propios da atención ós alumnos con necesidades educativas especiais.
- 9.2 O Departamento de Ensino poderá, así mesmo, autorizar modificacíons do currículo para adecualo ás necesidades educativas especiais dos alumnos. Nos procedementos de autorización deberase ter en conta a opinión dos pais e titores e dos alumnos no caso oportuno.

Estes mesmos principios inclúense no artigo 14 do Decreto 95/1992, do 28 de abril (DOGC do 13 de maio), polo que se establece a ordenación curricular do ensino primario, e no artigo 17 do Decreto 96/1992, do 26 de abril (DOCG do 13 de maio), polo que se establece a ordenación dos ensinos da educación secundaria obligatoria. Neste sentido, a orde do 3 de xuño de 1996 (DOGC do 7 de xuño), pola que se desenvolve a organización do currículo e a avaliacón dos ensinos da educación secundaria obligatoria, reafirma que o proxecto curricular de centro completa e desenvolve o currículo desta etapa e é o punto de referencia á hora de establece-la organización

do centro e elabora-las programacións correspondentes. Por esta razón, o proxecto curricular terá, entre outros aspectos, os criterios para atender á diversidade do alumnado.

De acordo co que se expresa nas disposicións citadas, unha das características fundamentais da nova ordenación do sistema educativo é un ensino personalizado que fomenta a responsabilidade persoal e comunitaria e o respecto ó contorno, favorece os valores democráticos de convivencia e pluralismo e permite adquirir unha conciencia ética e cívica que axude os alumnos a se desenvolveren na sociedade plural onde han vivir. Neste sentido, o ensino potenciará a igualdade de oportunidades daqueles alumnos que parten de situacións desfavorables e terá que responder de forma adecuada á súa diversidade. Así mesmo, defínese un modelo curricular aberto que lle facilite diferentes melloras e programacións a cada centro para lles dar resposta ás necesidades educativas do alumnado. A apertura e flexibilidade das concrecións curriculares son elementos esenciais para a adaptación do proceso de ensino-aprendizaxe ás características e necesidades do alumnado.

En consecuencia, establecése que os proxectos curriculares dos centros docentes terán de incluír criterios para adoptar medidas organizativas para a mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe, de reforzo e de adecuación á diversidade dos alumnos. Non embargante, cando as adaptacións realizadas no centro para atender a un determinado alumno ou alumna resultaran insuficientes para lles dar resposta ás súas necesidades individuais, convirá proceder a modifica-los elementos prescriptivos do currículo. A orde do 25 de agosto de 1994 (DOGC do 14 de setembro) e a orde do 24 de novembro de 1998 (DOGC do 18 de xaneiro de 1999) establecen o procedemento para a autorización de modificacións de elementos prescriptivos no currículo das etapas de educación infantil e educación primaria e da etapa de educación secundaria obligatoria, respectivamente. Ámbalas disposicións indican que a finalidade da modificación curricular é que o alumno/alumna consiga, no maior grao posible, as capacidades establecidas pola etapa. As modificacións ó currículo poden ter un carácter individual ou global no centro e deben ser autorizadas polo Departamento de Ensino.

Por outra banda, na Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, avaliación e goberno dos centros docentes (LOPAG), afírmase que o alumnado con necesidades educativas especiais é aquel que require, durante un período da súa escolarización ou ó longo dela, determinados apoios e atencións educativas específicos polo feito de ter discapacidades motoras, psíquicas ou sensoriais, por manifestar trastornos graves de conducta ou por se atopar en situacións sociais ou culturais desfavorecidas.

O Decreto 299/1997, do 25 de novembro (DOGC do 28 de novembro) actualiza a regulamentación da atención educativa ó alumnado con necesidades educativas especiais, temporais ou permanentes, derivadas de condicións persoais de discapacidades psíquicas, motrices ou sensoriais, de condicións persoais de sobredotación ou por causas asociadas á súa historia educativa e escolar. Así mesmo, actualiza a adaptación dos requisitos mínimos das unidades de educación especial integradas en centros ordinarios e dos centros de educación especial.

Finalmente, a Orde do 3 de setembro de 1996 (DOGC do 4 de outubro) regulamenta o procedemento de cualificación de determinados centros públicos ou privado sostidos con fondos

públicos de Cataluña como centros de atención educativa preferente; é dicir, centros que lles imparten os ensinos das etapas de educación infantil, primaria e secundaria obligatoria a aqueles alumnos que teñan especiais dificultades para acadar os obxectivos xerais da educación básica a causa de condicións sociais e culturais desfavorecidas.

I. 2 ANTECEDENTES E TRADICIÓN SOBRE O TEMA

O proceso que conduce a esta regulamentación dos ensinos do novo sistema educativo iniciouse en 1981 cando a Xeneralidade recibiu as transferencias das competencias correspondentes. A adopción dun marco curricular propio e integrado, co que se garante a continuidade do proceso educativo desde a educación infantil ata tódolos niveis de ensino non universitario, representou un paso decisivo neste proceso. A avaliación da experimentación da reforma do ensino e o cuestionario para a análise dos deseños curriculares das diversas áreas de etapas educativas serviron de base para concretar e defini-los currículos do novo sistema educativo. Os cambios estructurais e funcionais propostos foron avalados coa participación de tódolos sectores sociais implicados na educación, no seo da comisión xestora do debate sobre a reforma educativa do ensino non universitario en Cataluña.

Así mesmo, dende o ano 1982, leváronse a cabo accións de apoio á actividade docente do profesorado mediante a creación de programas e servicios educativos que construíron como núcleos de dinamización pedagóxica, de orientación psicopedagóxica, de busca de novas metodoloxías, etc. Algúns destes servicios educativos –os equipos de asesoramento psicopedagóxico (EAP), os centros de recursos educativos para deficientes auditivos (CTREDA) e o centro de recursos para deficientes visuais– teñen por obxecto ofrecer asesoría e orientación e dar apoio a aspectos concretos da atención ó alumnado con necesidades educativas especiais.

Canto ás orientacións e os criterios de actuación do Departamento de Ensino referidos á educación especial, cómpre dicir que se fundamentaron nos principios de normalización e sectorización dos servicios, de integración escolar e de personalización da resposta educativa. Estes principios levaron a unha primeira ordenación da educación especial no ano 1984 de cara á súa integración no sistema educativo ordinario, establecendo un marco normativo que foi o punto de referencia básico de tódalas actuacións levadas a termo en Cataluña en relación coa atención educativa ó alumnado con necesidades educativas especiais.

A valoración positiva das actuacións desenvolvidas foi consolidando as opcións integradoras que permitiron avanzar na adecuación da resposta ás necesidades educativas especiais da maioría deste alumnado nos centros docentes ordinarios, no marco dunha escola global e aberta á diversidade. Igualmente, realizouse unha valoración positiva da función desempeñada polos centros de educación especial, que fan posible a atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais que se derivan de condicións persoais de discapacidade que non poden ser atendidas nos centros docentes ordinarios.

I. 3 **SOLUCIÓNS E ESTRATEXIAS PARA ENCARA-LO TEMA E MODELO Ó QUE CONDUCEN**

Falar da diversidade na escola implica constatar que os nenos e as nenas que nela se agrupan presentan a mesma diversidade que atopamos na sociedade. Os alumnos son diferentes entre eles e este ha se-lo punto de calquera acción educativa.

A diversidade éo desde múltiples puntos de vista (xeográfico, social, cultural, económico), pero tamén por causas familiares, por formas de ser individuais, ritmos e estilos de aprendizaxe, procedementos de construción do propio pensamento e, así mesmo, polas motivacións coa relación que cada neno e nena teñen fronte á aprendizaxe e a escola en xeral.

Respecta-las diferencias e non convertelas en desigualdades debe se-lo obxecto da escola, que as ten que ter en conta, e aínda que non poida pretender resolver problemas de diferencias que teñan a súa raíz nas desigualdades da sociedade, si que se debe propor que as ditas desigualdades non constitúan un atranco para o cumprimento da súa función educativa. Convén destacar que o respecto ás diferencias, mala a esixencia de desigualdades, é fonte de enriquecemento.

A escola debe ser integradora e ter como finalidade proporcionar unha formación común a tódolos alumnos que favoreza a igualdade de oportunidades.

Unha concepción global da escola supón definir unhas exposicións sobre a atención á diversidade e aplica-las estratexias oportunas co fin de lles dar resposta ós diferentes intereses, capacidades e ritmos de aprendizaxe do alumnado.

En definitiva, trátase de garantir un equilibrio entre a diversidade do alumnado e a globalidade do currículo, diversificando a intervención pedagóxica e creando as condicións axeitadas que permitan o progreso de cada alumno/a.

Cabe afirmar que unha das opcións básicas do actual cambio do sistema educativo estriba nunha maior democratización da educación secundaria, tendencia, polo demais, compartida con outros países. A dita tendencia tradúcese nunha primeira opción: a extensión da educación secundaria a toda a poboación. En segundo lugar, nun modelo de escola global. Esta opción pretende fuxir de divisións segregadoras, evitar seleccións precoces que con frecuencia relegan os grupos sociais más desfavorecidos a saídas que reforzan unha sociedade pouco igualitaria.

Pero estas dúas opcións implican unha consecuencia importante: crear unha maior heteroxeneidade da poboación escolar que convén ter en conta. Neste sentido, sería un erro crer que a democratización do ensino consiste en dar a todo o alumnado de 12 a 16 anos o tipo de ensino que ata agora se destinara con máis ou menos éxito a un número privilexiado. A dita crenza condenaría a moitos alumnos e moitas alumnas ó fracaso, sobre todo a aqueles ou aquellas ós que o medio familiar e social non lles é favorable para encara-los obxectivos actuais do ensino.

De todo isto dedúcese que unha etapa global e integradora debe prever necesariamente un modelo flexible que se adecúa a esta maior diversidade de alumnos, tanto no referente ós procesos e ritmos de aprendizaxe como ás aptitudes relativas á escola; polo que ten que ver coas aptitudes e

cos intereses ou as culturas propias. Esta flexibilidade, que debe permitir ter en conta a diversidade, reflíctese a tódolos niveis da toma de decisións: dende a organización dos centros e as decisións curriculares que se concretan nos proxectos curriculares de centro, ata a práctica pedagóxica e as decisións que os alumnos deberán adoptar con respecto ó seu currículo.

As principais medidas contidas na educación secundaria obrigatoria para atender á diversidade dos alumnos concretánsen en:

- a) Un currículo diversificado que prevé, ademais dos contidos comuns para todo o alumnado, outros contidos optativos que o estudiante vai escollendo progresivamente co apoio da orientación titorial. Uns currículos diversificados, axeitados ás diferentes necesidades individuais, deben permitir que tódolos rapaces e rapazas, ó finalizaren a etapa, acadan con éxito os obxectivos xerais da etapa e desenvolvan ó máximo as súas posibilidades en diferentes aspectos persoais, sociais, profesionais e académicos.
- b) Un deseño curricular das áreas aberto que, partindo duns contidos e obxectivos xerais para todos, permite que cada centro se adapte ás características dos seus alumnos e do seu contorno. Os centros requiren a consecuenciación e ordenación dos contidos de cada área, así como as prioridades e organización das diferentes áreas no conxunto do proxecto curricular.
- c) Un deseño curricular das áreas aberto que, partindo duns contidos e obxectivos xerais para todos, permite que cada centro se adapte ás características dos seus alumnos e do seu contorno. Os centros requiren a secuenciación e ordenación dos contidos de cada área, así como as prioridades e a organización das diferentes áreas no conxunto do proxecto curricular.
- d) A posibilidade de flexibiliza-la organización dos centros en función das súas necesidades específicas.

Pero, ademais destas diferentes medidas, que son ferramentas fundamentais para contribuir a unha axeitada atención á diversidade, convén ter en conta a práctica pedagóxica na aula. Flexibiliza-la intervención pedagóxica é, por conseguinte, condición indispensable para lle dar resposta á diversidade. Iso supuxo un cambio na actitude e na forma de pensar do profesorado: ve-lo proceso de ensino-aprendizaxe como un proceso de interacción, e a intervención do profesorado como acción encamiñada a crea-las condicións nas que se desenvolva este proceso. Nesta perspectiva, a práctica dunha auténtica pedagogía diferenciada resulta imprescindible.

Evidentemente, é o profesorado quen, en función da bagaxe profesional e da epistemoloxía da materia, adopta os métodos pedagóxicos que mellor se adapten ás características do seu alumnado; non obstante, deberá prever que a súa intervención resulte o suficientemente variada e diversificada como para que cada un dos seus alumnos ou alumnas atope nela as condicións que lle resulten óptimas para a súa aprendizaxe. Poderían definirse da forma seguinte algunas das grandes liñas que orientas ó profesorado na diversificación:

- a) Diversificación dos elementos de comunicación do profesorado co alumno/alumna e o grupo mediante os seguintes aspectos: a organización da aula e grupos de alumnos; a pluralidade de técnicas e modalidades de traballo; a diversificación de materiais e de apoios; a diversificación de actividades de aprendizaxe para a adquisición dun mesmo contido e a diversificación de contidos para un mesmo obxectivo; a diversificación dos momentos, das modalidades e dos instrumentos de avaliación coerentes cos obxectivos; etc.
- b) Diversificación dos métodos pedagóxicos; por exemplo, a unha metodoloxía didáctica esencialmente instructiva convén, de xeito complementario, asociar unha metodoloxía activa de descubrimento por parte do alumnado; unha metodoloxía esencialmente baseada no traballo autónomo compleméntase cunhas prácticas de realización de traballo colectivo; unha práctica basicamente expositiva e oral enriquecése mediante o uso didáctico dos medios de comunicación.
- c) Diversificación das axudas e do afondamento. Paralelamente ó traballo realizado na aula, convén prever prácticas múltiples de apoio e de ampliación de determinados contidos; por exemplo, actividades de recapitulación sistemática de coñecementos anteriores, actividades centradas nunha aprendizaxe illada co fin de consolidala e asegura-la súa adquisición, actividades de explicitación de pasos intermedios nun proceso, preparación previa dos contidos para traballar nas clases, actividades que faciliten a adquisición de técnicas de estudio e de organización do traballo persoal, etc.

Neste contexto, a acción titorial resulta fundamental; é decir, o conxunto de actividades de acollida, de orientación persoal, académica e profesional que se dirixen ós alumnos e que o profesorado do centro programa, de acordo coas liñas de actuación establecidas no proxecto educativo do centro mediante un plan de acción titorial.

A acción titorial exercea de xeito compartido todo o profesorado, tendo en conta que a actividade docente implica tamén o seguimento e a orientación do proceso de aprendizaxe nos alumnos, así como a adaptación dos ensinos á diversidade de necesidades educativas que presentan. Así mesmo, para coordina-la acción titorial dirixida ós alumnos, o/a director/a do centro designa un/unha titor/a para cada grupo de alumnos. Na ESO, o/a titor/a procura que a elección do currículo variable lles dea resposta ós intereses e necesidades do alumno/a tanto no que se refire á súa situación actual como ás súas opcións de futuro. A coordinación dos titores terá que ter como finalidade programa-la acción titorial, garanti-la coherencia da súa aplicación e realiza-lo seguimento e a avaliación das actividades realizadas.

Concretamente, para poder planificar e realiza-lo seguimento do conxunto das actuacións e medidas que os centros de secundaria deben levar a cabo para atender á diversidade de necesidades educativas dos alumnos, preveuse a existencia dunha comisión de atención á diversidade integrada polo coordinador pedagóxico da ESO, o/a profesor/a de psicoloxía e pedagogía (ou o/a mestre/a de pedagogía terapéutica, se se dá o caso), os xefes dos departamentos que imparten as áreas instrumentais e a persoa da EAP que intervén no centro. Esta comisión, ó longo do curso, asume a coordinación do conxunto de actividades singulares que se levan a cabo no centro en relación coa aten-

ción á diversidade, que poden atoparse incluídas no plan de acción titorial, as actuacións dos departamentos (especialmente daqueles que imparten áreas instrumentais, en relación coas adaptacións do currículo para determinados alumnos ou grupos de alumnos), a oferta de créditos variables, a organización da docencia na parte común de currículo, a agrupación do alumnado, o establecemento das prioridades na actuación do/da profesor/a de psicoloxía e pedagoxía e do/da mestre/a de pedagoxía terapéutica, de acordo coas funcións que teñan atribuídas.

Non obstante, calquera forma de organización para atender á diversidade fundamentarase en criterios como:

- a) Se ben as adaptacións poden ser necesarias en diferentes áreas, terá que ser prioritario asegura-la adaptación dos contidos das áreas consideradas instrumentais: lingua catalana, lingua castelá e matemáticas.
- b) O traballo nas áreas adaptadas pódense formular en pequenos grupos e un espacio diferenciado.
- c) A programación das actuacións de carácter singular para un alumno/a ou grupo de alumnos deberase compaxinar coas necesidades de integración dos ditos alumnos nas actividades ordinarias cos outros compañeiros.
- d) Para aqueles alumnos en que sexa necesario, de acordo coa información achegada pola avaliación, o currículo poderá ser diferente nas actividades, nalgúns contidos e, mesmo, nalgúns árees, pero sempre terá que tomar como referencia aqueles obxectivos finais que garden unha relación máis directa cos obxectivos xerais da área e os obxectivos xerais da etapa. Esta formulación exclúe a posibilidade de que as actividades diferenciadas poídan derivar cara á formulación dun currículo e unha organización paralelos, coa finalidade impropria da idade (de escolarización obrigatoria), ou cara á realización de actividades únicamente lúdicas sen funcionalidade nin consideración social.

Cando se di que un determinado alumno ou alumna presenta necesidades educativas especiais é unha forma de expresa-lo feito de que, para acada-las finalidades da educación que poder dispor de axudas pedagóxicas ou servicios específicos que complemenen as axudas pedagóxicas e servicios xerais que se ofrecen a tódolos alumnos.

As formulacións máis empregadas sobre as condicións de necesidades educativas especiais adóitanse centrar en aspectos individuais de dificultades e de discapacidades. Neste sentido restritivo consideraríase que os nenos con necesidades educativas especiais son:

- a) Aqueles que manifestan problemas no desenvolvemento e/ou dificultades de aprendizaxe significativamente maiores cá maioría de alumnos da súa idade.
- b) Aqueles que presentan desvantaxes ou incapacidades que lles dificultan o uso dos recursos más xerais e ordinarios dos que disponen as escolas da zona para os alumnos da súa mesma idade.

- c) Aqueles que, por determinadas condicións de risco de carácter persoal, familiar ou social, poderían ser considerados suxeitos incluídos nos apartados a) e/ou b) se non se lles facilitaran as axudas necesarias.

Esta clasificación reflicte o conxunto de condicións máis características dos alumnos que no noso contexto educativo foron e son tributarios de recibir recursos e servicios de educación especial.

Agora ben, dende un concepto amplo de servicios educativos específicos, convén ter en conta así mesmo os talentos especiais, a sobredotación, como condicións de necesidades educativas especiais.

A avaliación continua debe permitir determinar cando é conveniente para un alumno/a ou un grupo de alumnos darles unha resposta singular axeitada ás súas posibilidades nun momento dado do proceso de aprendizaxe. As modificacións da intervención dos mestres nestes casos poden afectar unicamente ós enfoques metodolóxicos e ás actividades de aprendizaxe propostas para a maioría dos alumnos dun grupo.

A decisión de adecua-lo currículo terá que fundamentarse na avaliación das posibilidades dos alumnos para participaren nas actividades que se levan a cabo e das axudas que precisen para facelo. As axudas que un/unha alumno/a ou un grupo de alumnos deben recibir teranse que determinar en función do que precisen para poder segui-lo currículo. Estas necesidades pódense cubrir de diversas formas; en consecuencia, non terán que establecerse modalidades ríxidas e uniformes para atender singularmente os alumnos que o precisen. O que define unha correcta organización das axudas e dos recursos humanos e materiais necesarios para proporcionala é o seu carácter dinámico e flexible porque, a cantidad, modalidade e especificidade das axudas terán que ir sempre en función das necesidades dos alumnos.

Convén considera-las adecuacións do currículo como unha alternativa dinámica por definición. Efectivamente, en caso ningún debería entenderse que un/unha alumno/a para o que se deseñe inicialmente un tipo de adecuación teña que continuar permanentemente na mesma situación, senón, pola contra, o que caracteriza unha adecuación é que se axuste continuamente ás posibilidades de traballo do alumno/a e, por conseguinte, como as posibilidades con cambiantes, convén avaliar continuamente a resposta do alumno/a e deseñar novas e diferentes adecuación para asegura-lo axuste.

Todos aqueles elementos en que se concreta a identificación das necesidades educativas especiais do alumno/a poden contribuír a axusta-la programación á intervención pedagóxica que se lle dirixa e, se resulta oportuno, serven de punto de referencia e compoñente da adecuación curricular individual (ACI).

Unha ACI concrétese nun documento onde se describe e xustifica o currículo, os servicios e o emprazamento escolar dun alumno/a con necesidades educativas especiais durante un período determinado. O documento describe o currículo proposto polo alumno/a en termos de qué ensinar e avaliar –áreas, contidos e obxectivos–, de cómo ensinar e avaliar –enfoques metodolóxicos,

tipos, periodicidade e duración dos servicios específicos e ordinarios-, e de cando ensinar e avaliar –distribución temporal das propostas do ensino, secuencia de contidos, obxectivos, etc.–. Así mesmo, a ACI terá que achegar e conte-la información máis significativa que se teña empregado para a toma de decisións sobre a proposta curricular establecida e descrita, e terá que pór de relevo os esforzos que se teñan realizado e que se seguirán realizando para promove-lo alumno/a cara a contornos escolares que teñan o máximo réxime posible e para pasar ó alumno/a cara a situacións, programacións e provisión de servicios menos específicos.

O Departamento de Ensino, en aqueles centros de secundaria en que se supera a situación estándar de alumnos con dificultades de aprendizaxe e con máis dun 10-15% de alumnado que precisa actuacións individualizadas, efectúa un incremento de cadro de persoal para a organización de grupos reducidos que poidan seguir unha adaptación curricular. As unidades de adaptación curricular (UAC) son, para tódolos efectos, un recurso máis dos centros para atender á diversidade de necesidades educativas do alumnado. Por esta razón, os centros, ós pón-las en funcionamento, terán que prever:

- a) Que sexan flexibles na súa organización, co obxectivo de permitir que os/as alumnos/as sexan atendidos nelas só no tempo nas áreas que resulten necesarias.
- b) Que estean harmonizadas co resto de solucións que o centro previra en relación coa atención á diversidade (flexibilización de grupos, traballo en grupo reducido nalgúnha área, desdobramentos, etc.) coa finalidade de permití-la promoción dos alumnos, sempre que sexa posible, cara a situacións más correntes.
- c) Que permitan, na medida do posible, que os/as alumnos/as que asintan a elas poidan incorporarse ó grupo ordinario ó que estean adscritos para realizar algunas actividades, como por exemplo, a titoría ou algúnhha área.
- d) Que estean a cargo dun número reducido de profesores.
- e) Que a ratio de alumnos atendidos na UAC debería ser orientativamente de 12 a 15 por profesor/a.
- f) Que o conxunto de profesores que interveñen na atención educativa dos alumnos da UAC constitúen a xunta de evaluación dos ditos alumnos.
- g) Que a UAC é un recurso educativo que require unha metodoloxía de traballo esencialmente activa e manipulativa, baseada en proxectos de duración trimestral con estrutura formal de créditos, programados de maneira que permitan vehicula-las aprendizaxes básicas e fundamentais de diversas áreas, prioritariamente os instrumentais, de forma globalizada. Os aspectos metodolóxicos son clave na UAC. Na elaboración da programación e na organización da aula hai que facer especial fincapé na globalización e a funcionalidade das aprendizaxes, sen perder de vista os obxectivos xerais da etapa.
- h) Que nas UAC se atendense preferentemente ós/as alumnos/as con necesidades educativas especiais que requieren estratexias metodolóxicas e organizativas bastante diferencia-

das das da aula orixinaria e, entre o dito alumnado, aqueles que manifestan trastornos graves da conducta ou rexeitamento escolar ou os que, por causa dunha diminución psíquica, requiren unha metodoloxía esencialmente manipulativa.

Cando dentro do marco das competencias atribuídas ós centros para o desenvolvemento e concreción do currículo conclúron as posibilidades de adaptación, pódense formular propostas de modificación dos elementos prescriptivos do currículo para determinados alumnos, entendidas estas como o conxunto de cambios introducidos nos elementos descritos para unha etapa educativa e que poden ter carácter individual ou global de centro. A súa finalidade é acadar na maior medida posible as capacidades para a etapa correspondente. As modificacións do currículo establecido, para axeitalo ás necesidades educativas especiais nos alumnos, terán que ser autorizadas polo Departamento de Ensino.

Os/as alumnos/as poderán ser suxeito de modificacións de elementos prescriptivos do currículo de carácter individual cando:

- a) Manifesten atrasos no seu desenvolvemento ou presenten dificultades que interfirian no seu proceso de aprendizaxe (discapacidades motoras, psíquicas ou sensoriais; déficits ou enfermidades graves, transitorias ou permanentes; trastornos conductuais graves que se manifesten nunha inadaptación marcada e continuada ó contorno escolar).
- b) Manifesten vantages significativas e continuadas nos procesos de aprendizaxe.

A conveniencia da continuidade, reformulación ou finalización da modificación do currículo autorizada determinarase a partir do proceso de avaliación.

Poderán solicitar modificacións de elementos prescriptivos do currículo para a elaboración do proxecto curricular aqueles centros que imparten as etapas de educación infantil e primaria nos que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Atender exclusivamente a alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de diminucións graves e permanentes en centros de educación especial ou en unidades de educación especial en centros ordinarios.
- b) Realizar un desenvolvemento específico do currículo de linguas estranxeiras.
- c) Integra-los ensinos ou actividades nos ámbitos da educación musical, da danza ou do deporte.

Finalmente, e de cara a garantirlle a atención educativa ó alumnado con necesidades educativas especiais que se derivan da inadaptación ó medio escolar nos centros que imparten ESO, dun xeito excepcional, algúns destes alumnos poderán seguir unha parte dos ensinos correspondentes a esta etapa en unidades de escolarización externa (UEE), onde se lles ofrecerán actividades específicas adaptadas ás súas necesidades.

O Departamento de Ensino concluíu acordos con determinadas institucións para poder ofrecer estas actividades complementarias dende as UEE, tendo en conta a súa experiencia e a espe-

cialización na atención a rapaces con risco de marxinación, con mostras de inadaptación social e con conductas desaxustadas.

A escolarización destas EUU é compartida co centro docente onde o alumno estea matriculado e do que segue dependendo para efectos académicos e administrativos. Para iso estableceuse un procedemento de traspaso de información entre as UEE e os institutos sobre as modificacións do currículo e a avaliación do alumnado. Ademais, a escolarización compartida ten sempre carácter temporal e revisase ó longo do curso escolar.

As actividades que imparten as UEE teñen como referente último os obxectivos da etapa de educación secundaria obligatoria, atópanse adaptadas ás características e coñecementos do alumnado, teñen un carácter globalizador e de aplicación práctica e teñen en conta a promoción de habilidades que faciliten a inserción socio-laboral.

I. 4 PROPOSTAS E SUXESTIÓNS DE MELLORA

A atención á diversidade require actuacións globais nos centros educativos que terán que se concretar en lles dar resposta ós alumnos que teñan dificultades de aprendizaxe por calquera tipo de condición persoal ou social.

Así pois, a atención á diversidade consiste nunha estratexia xeral para conseguir que a práctica docente se axuste ás diferentes necesidades do alumnado. As aplicacións desta estratexia xeral implica todo o centro, dende as opcións adoptadas no proxecto educativo e no proxecto curricular, ata a actuación concreta do profesorado en cada área.

Por conseguinte, caracterízase porque abrangue tódolos niveis da acción educativa, compromete o profesorado de todo o centro, ten que ver con tódolos alumnos –e non só con aqueles que presenten dificultades, problemas ou limitacións persoais ou sociais– e concrétase nun conxunto de medidas e actuacións programadas que repercutirán sobre as posibilidades de aprendizaxe dos alumnos e no desenvolvemento das capacidades establecidas no currículo.

A AUTONOMÍA NOS CENTROS DOCENTES

A aplicación da atención á diversidade supón, entre outras cousas, un grao importante de autonomía e de traballo colectivo do profesorado. Os centros docentes terán que responder a unhas características como as seguintes:

- a) Capacidade para adquirir compromisos comúns sobre normas e obxectivos e levalos á práctica, e profesores dispostos a decidir e planifica-la tarefa docente de xeito compartido, avaliándoa e revisándoa de maneira constante.

- b) Unha boa organización que combina un alto nivel de participación do profesorado nas decisións, co liderado duns equipos directivos fortes, e que permite a xestión do currículo e a avaliación continuada dos alumnos.

O exercicio da autonomía dos centros con vista á atención a diversidade terá que se concretar en tres aspectos fundamentais: o desenvolvemento do currículo, a organización do centro e o uso dos recursos específicos.

O DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO

O proxecto curricular non só terá que establece-lo desenvolvemento e a organización dos contidos de cada área senón que tamén terá que garanti-la actuación coordinada do profesorado, unha axeitada progresión no ensino e a aprendizaxe dos contidos e a coherencia entre as intervencións pedagógicas do profesorado e o proxecto educativo. Por conseguinte, terán que explicitarse no proxecto curricular todas aquelas medidas que sexan precisas para adapta-las opcións educativas á realidade do alumnado do centro e á personalización do ensino, e fixaranse os criterios para adoptar decisións de cara á atención dos alumnos, que requirian actuacións específicas nunha ou máis áreas.

As adaptación do currículo fundaméntanse na estructuración de actividades de ensino e aprendizaxe o suficientemente variadas e flexibles como para lle permitir ó máximo número de alumnos accederen, na maior medida posible, ó conxunto de capacidades que constitúen os obxectivos da etapa. Desta maneira, as adaptación do currículo son responsabilidade de todo o profesorado e constitúen, principalmente, unha tarefa de equipo.

A ORGANIZACIÓN DO CENTRO

A atención á diversidade esixe decisións na organización do centro que fagan viables as opcións adoptadas (confección dos grupos e dos horarios, asignación de profesorado, designación de titores, utilización dos espacios, etc). As ditas actuacións coordinadas pódense agrupar nos catro apartados seguintes:

- a) Coordinación xeral. A existencia dun grupo coordinador que asuma a responsabilidade de elaborar propostas, planifica-lo proceso de debate dos diferentes departamentos e ciclos, coordina-los resultados e levar a cabo o seguimento e a avaliación da aplicación do proxecto, e garanti-la coherencia da actuación xeral do centro.
- b) Coordinación de área. A coordinación entre o profesorado dunha mesma área é imprescindible para garantir unha axeitada programación do ensino e da aprendizaxe dos contidos ó longo da etapa.

- c) Coordinación do ciclo e do curso. Os equipos de profesores que traballan co alumnado dun mesmo ciclo ou curso terán que programar coordinadamente a acción educativa. A coordinación horizontal favorece a evaluación continuada e o seguimento da realidade do grupo-clase, e é o marco idóneo para afondar na atención á diversidade. É imprescindible garantir para tódolos alumnos, pero sobre todo para aqueles con menos recursos para aprender, a continuidade e a coherencia da liña de actuación do equipo de profesores.
- d) Acción titorial. A coordinación dos tutores terá que ter como finalidade programa-la acción titorial, garanti-la coherencia da súa aplicación e realiza-lo seguimento e a avaliação das actividades realizadas. Na acción titorial convén que prevaleza, sobre todo, a coordinación horizontal, que ten lugar entre os tutores dun mesmo ciclo ou curso.

O USO DOS RECURSOS ESPECÍFICOS

Tódolos centros terán que contar con recursos específicos para atender á diversidade. O/a mestre/a de educación especial e o/a profesor/a de psicoloxía terán que lles permitir ós centros completaren a oferta que se realiza ó conxunto dos alumnos, dedicándose prioritariamente ós alumnos que requiran unha atención máis individualizada. Os alumnos con necesidades educativas especiais derivadas de diminucións ou doutras circunstancias persoais que, polas súas características, teñen que seguir un tipo de escolarización adaptada que supoña modificacións significativas do currículo e, como consecuencia, atención específica, son os primeiros que deben beneficiarse da existencia destes especialistas.

Ademais, os centros de recursos especializados para deficientes auditivos e visuais terán que lles dar soporte persoal ós alumnos mediante unha atención individualizada dentro ou fóra do centro, a adaptación de materiais e a asesoría ó profesorado sobre aspectos relacionados coa deficiencia.

Así mesmo, os profesionais dos servicios educativos que interveñen directamente nos centros, como os equipos de asesoramento psicopedagógico (EAP), terán que levar a cabo unha tarefa coordinada cos profesionais dos centros para axudar a atopar estratexias para adapta-las actividades dos alumnos con menos recursos de aprendizaxe ou dos alumnos con sobredotación, a orienta-lo traballo cos pais respecto á acción titorial, a orientación escolar e profesional e, en xeral, en tódolos aspectos psicopedagógicos relacionados coa tarefa docente.

Como nos outros casos de programación da atención á diversidade, a confección dun plan individual para o alumnado con sobredotación terá que incidir na organización do centro, terá que permitir adapta-lo currículo ás súas características e ritmo de aprendizaxe e deberá contar coa asesoría psicopedagógica dos EAP ou doutras institucións especializadas que axuden os centros e as familias a coñecer mellor as necesidades de cada alumno/a.

II A ESCOLA INTERCULTURAL

II. 1 MARCO LEGAL

En 1996, o Departamento de Ensino procedeu a modifica-la normativa reguladora da admisión de alumnos en centros docentes sostidos con fondos públicos de Cataluña, que databa de 1986, co fin de adecuala ás novas necesidades do sistema educativo e ás modificacións lexislativas que se producían. Especialmente, conviña ter en conta a regulamentación da escolarización dos alumnos con necesidades educativas especiais, mantendo unha distribución deles de acordo coa idea integradora que expón a disposición adicional segunda da LOPAG.

Así pois, o Decreto 72/1996, do 5 de marzo (DOGC do 8de marzo) establece o réxime de admisión de alumnos nos centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ensinos regulados, xa sexan de réxime xeral ou xa de réxime especial.

Como desenvolvemento do decreto, publicase anualmente unha resolución segundo a que se aproban as normas de preinscripción e matriculación que regulan os procesos de admisión de alumnos nos centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso seguinte. A dita resolución compleméntase cunha regulamentación específica da escolarización de alumnos con necesidades educativas derivadas de situacións sociais ou culturais desfavorecidas que contribúa á súa integración escolar e social, entendendo ó propio tempo que, para a axeitada consecución de dito obxectivo, é necesaria a acción participativa e solidaria da escola, das institucións e da sociedade no seu conxunto. Nas áreas territoriais cunha poboación escolar significativa do alumnado nunha situación social ou cultural desfavorecida, establecéncense procedementos de acollida, asesoría e orientación ós pais que queiran inscribi-los os seus fillos nos centros docentes sostidos con fondos públicos, coa finalidade de axudalos na elección daquel que mellor poida responder ás necesidades educativas e cunha vontade integradora. Ámbalas resolucións de aplicación para o curso 2000-2001 publicáronse no DOGC do 15 de febreiro de 2000.

Coa finalidade de concretar aspectos organizativos e de funcionamento dos centros docentes e dar orientacións xerais que faciliten a aplicación práctica da normativa vixente nos aspectos pedagóxicos e didácticos, de xestión dos centros e do seu persoal, e de participación dos diversos sectores da comunidade educativa, díctanse anualmente as instruccións de organización e funcionamento dos centros docentes públicos e privados de Cataluña para o curso escolar correspondente. As diversas resolucións publicánsen no mes de xuño para o curso seguinte e recólleñense nun exemplar do *"Full de disposicións i actes administratius del Departament d'Ensenyament"* (*Prigo de disposiciones e actos administrativos do Departamento de Ensino*).

As instruccións para os centros de educación infantil e primaria prevén, entre moitos outros temas, a acollida ó alumnado que acaba de incorporarse ó sistema educativo de Cataluña, a atención á diversidade de necesidades educativas especiais do alumnado, as adaptacións do currículo, o despregamento do currículo nos centros de educación especial, as modificacións e exencións específicas, os centros de atención educativa preferente e a participación das familias. As instruccións

para os centros de ensino secundario engaden aspectos como a acción titorial e a orientación ó alumnado, a organización das unidades de adaptación curricular (UAC) ou a oferta de créditos variables.

Por último, cómpre cita-las instruccions específicas da Dirección Xeral de Ordenación Educativa sobre a organización e o funcionamento do Programa de Educación Compensatoria que, para cada curso escolar, establecen horarios e actuacións, formación dos profesionais do programa, e normas de funcionamento e de elaboración do plan de traballo e das memorias.

II. 2 ANTECEDENTES E TRADICIÓN SOBRE O TEMA

A inmigración estranxeira en Cataluña é, sen dúbida, o fenómeno migratorio máis relevante dos últimos anos, tanto polo seu dinamismo e representatividade numérica como polos retos de integración que se poden presentar, consecuencia das diversas especificidades socio-culturais. O incremento da inmigración en Europa dende os anos 80 pon de manifesto que este é un tema que convén abordar como estructural e non xa como un feito conxuntural como se fixera anteriormente.

O Departamento de Ensino, dentro do marco da súa planificación educativa, adoptou dende o ano 1981 medidas encamiñadas a garanti-la atención educativa necesaria ó alumnado procedente de familias inmigrantes ou pertencentes a minorías étnicas, como tamén accións específicas dirixidas a orientar e a facilita-la actividade dos centros docentes que escolaricen alumnos que se atopen en situacións sociais ou culturais desfavorecidas, co obxecto de facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación (Programa de Acción Especial, Programa de Educación Compensatoria e centros de atención educativa preferente).

O Programa de Educación Compensatoria, en funcionamento dende 1984, ten como finalidade colaborar cos centros e o profesorado na integración escolar de alumnos con risco de marginación social c/ou estranxeiros que presenten necesidades educativas especiais asociadas a situacións sociais ou culturais desfavorables, con dificultades de acceso, permanencia e promoción no sistema educativo, e promove-la educación intercultural nos centros. Iso supón a colaboración cos centros en diversos aspectos: o seguimento de alumnos que poidan presentar dificultades de escolarización no paso de primaria a secundaria, a acollida dos alumnos recentemente chegados, o apoio temporal directo a aqueles que o precisen, a axuda ás diferentes formas de organización da aula para atender á diversidade, a adaptación de materiais, a proposta de actividades para fomenta-la educación intercultural no centro e outros.

Por outra banda, a atención a estes alumnos esixiu a colaboración especial dos programas e servicios educativos do Departamento de Ensino, como tamén doutras instancias dependentes doutros departamentos. De maneira especial, contouse coa colaboración dos profesionais dos equipos de asesoría psicopedagóxica (EAP), co fin de coordina-las actuacións relacionadas cos alumnos ós que hai que atender e as medidas de atención á diversidade para acada-la máxima congruencia nas ofertas.

Actualmente, os temas relacionados coa inmigración preséntanse dentro dun amplo marco e de forma coordinada polas diferentes administracións e organismos implicados. O Departamento de Ensino forma parte da Comisión Interdepartamental de Inmigración e do seu consello asesor, que preside a conselleira de Benestar Social, coa finalidade de desenvolver unha actuación coordinada por parte dos diferentes departamentos da Xeneralidade e, ó mesmo tempo, favorece-la participación de asociacións e colectivos de inmigrantes de Cataluña.

II. 3 SOLUCIÓN S E ESTRATEGIAS PARA ENCARA-LO TEMA E MODELO Ó QUE CONDUCEN

O feito de que a presencia do alumnado estranxeiro nas aulas de Cataluña aumente cuantitativamente ano tras ano provócalle novos retos á sociedade catalana tanto en relación coa igualdade como coa cohesión social. No ámbito escolar, non se trata únicamente de garantir unha praza escolar a calquera neno estranxeiro, independentemente da situación administrativa da súa familia, senón tamén de adecua-lo sistema educativo a esta nova realidade, de xeito que se posibilite un sistema integrador e presidido por valores e actitudes solidarios e equitativos, alén das diferencias socio-culturais que poidan existir.

A política de educación intercultural céñrase nos ámbitos de actuación seguintes:

a) Acollida no centro do alumnado recentemente chegado.

Co fin de lles facilitar información ás familias recentemente chegadas a Cataluña con fillos en idade escolar, cada ano publicanse e difúndense amplamente uns boletíns en catalán, castelán, francés, inglés, árabe e chinés que conteñen orientacións e asesoría sobre o noso sistema educativo, a obrigatoriedade de asistir á clase e os obxectivos do ensino obligatorio.

Un servicio de traductores, en colaboración con diferentes entidades que traballan para a inmigración e con persoas que coñecen a lingua e a cultura do país das familias recentemente chegadas, axudan en todo o proceso de matriculación, cando é preciso realizar un informe e cando os pais teñen que asistir a entrevistas convocadas polo centro e non poden expresarse en linguas oficiais do país.

As axudas económicas para a adquisición de materiais e de libros de texto que concede o Ministerio de Educación van destinadas a familias nunha situación económica moi deficitaria, e é condición indispensable para poder acollerse ser español. Por iso, deseñáronse dúas medidas encamiñadas a facer extensibles as ditas axudas ós inmigrantes: fomentar que as bolsas do MEC se poidan domiciliar nunha conta do centro e realizar dende o Departamento de Ensino unha convocatoria de axudas dirixida a aquelas familias que, pola súa situación legal, non poidan solicita-las bolsas do MEC.

b) Actuacións de apoio á escolarización do alumnado estranxeiro.

O Programa de Educación Compensatoria ofrece a súa colaboración e as súas orientacións para facilita-la acollida e a escolarización do alumnado estranxeiro nos centros educativos. Conta actualmente con 71 mestres e 5 asistentes sociais que o curso pasado realizaron actuacións nun total de 500 centros de toda Cataluña. As principais actuacións concrétanse no apoio ós centros para a acollida do novo alumnado, a provisión de materiais didácticos adecuados de tipo individual e para o grupo-clase, a sensibilización dos centros na educación intercultural e a atención individualizada ós alumnos.

Ademais, dende o ano 1997, o alumnado que acaba de incorporarse ó sistema educativo de Cataluña e que descoñece as lingua oficiais pode recibir un apoio individualizado para acelera-la aprendizaxe do catalán e acceder o máis rapidamente posible ás áreas do currículo ordinario mediante o apoio e a colaboración do servizo de ensino do catalán (SEDEC). Concretamente, no ensino primario e no ensino secundario funcionan diversos tipos de seminarios e de obradoiros de aprendizaxe da lingua, así como obradoiros de adaptación escolar e aprendizaxes instrumentais básicas (TAE), dirixidos a alumnos que acaban de chegar a Cataluña procedentes de lingua e culturas moi distintas á nosa.

c) Actuacións de formación do profesorado sobre educación intercultural.

Naquelhas zonas con maior presencia de alumnos inmigrantes, organízanse diversos cursos dirixidos a mestres e profesores dentro do plan de formación do profesorado.

Así mesmo, en colaboración co Institut Català de la Mediterrània, realizanse actividades (cursos, conferencias, sesións específicas, etc.) sobre temas relacionados coa interculturalidade.

d) Actuacións de apoio á docencia (materiais didácticos).

Coa finalidade de facilita-las tarefas do profesorado, hai unha serie de materiais ó seu disposición en todos os centros de recursos pedagógicos. De entre estes materiais didácticos, cabe destacar documentos de reflexión para os claustros de profesores, créditos variables de educación secundaria, a edición dun diccionario visual catalán-árabe e una páxina web con información referida á escolarización do alumnado inmigrante (<http://www.xtec.es>).

A principios de 1999, formuláronse ó Departamento de Ensino unha demanda procedentes de contornos educativos diferentes, moi especialmente das federacións de asociacións de pais de alumnos, para que se abrixa un debate para afondar na análise das actuacións que se levaban a cabo e coa finalidade de identificar novas estratexias para adecua-la resposta educativa ó dito alumnado.

Así pois, coa finalidade de analizar globalmente a situación en Cataluña e os elementos de resposta educativa que se podían introducir nos centros educativos, creouse unha comisión de estudio da escolarización de alumnado procedente de familias inmigrantes co encargo de elaborar un estudio consistente en analiza-la situación deste alumnado, os factores que se inclúen na súa escolaridade, as directrices comunitarias e o marco lexislativo existente (lexislación internacional, estatal e catalana referida a este ámbito), como tamén a elaboración de propostas de mellora que se derivaran do estudio, que se fixo público no mes de outubro de 1999.

Igualmente, o Consello Escolar de Cataluña creou unha subcomisión co obxectivo de analizar e estudiar globalmente a atención ó alumnado inmigrante e de minorías étnicas no noso sistema educativo. O informe elaborado pola subcomisión foi aprobado o mes de xullo de 1999. A súa intención era valorar e achegar reflexións e vías de solución á situación xurdida pola chegada de inmigrantes que buscan a oportunidade de atopar un medio de vida na nosa comunidade. As propostas e suxestións do Consello Escolar de Cataluña resúmense no apartado correspondente deste documento.

II. 4 PROPOSTAS E SUXESTIÓNS DE MELLORA

As propostas e suxestións que se achegan ó debate fan alusión tanto ó enfoque pedagóxico que lle convén dar ó tema como ás actuación concretas que se van levar a cabo desde os diferentes ámbitos.

Considérase que o proceso de integración se produce tanto por parte da sociedade de acollida, de signo maioritario, como do colectivo recentemente chegado. A interacción e o intercambio entre culturas transforámas e modifícas e, pouco a pouco, aparece un novo “nós”. Pártese da idea de que a cultura é unha realidade dinámica e dialéctica.

En consecuencia, a educación intercultural procura preparar tódalas persoas para viviren a multiculturalidade social, e destacan especialmente as dimensións comúns que posibilitan o entendemento e a convivencia, en lugar das diferencias, respectando ó propio tempo a diversidade cultural.

A nosa sociedade é moito máis heteroxénea ca hai uns anos e a reivindicación de vivir satisfactoriamente dende a diferencia será cada vez más importante. Iso significa que convén desenvolver unha cultura compartida que permita conciliar intereses individuais e intereses colectivos, presidida por valores e actitudes que favorezan a igualdade e a cohesión social. Por conseguinte, cómpre que nos proxectos educativos dos centros se introduzan os principios e os valores referidos á educación intercultural e que a práctica educativa dos centros teña sempre presente a diversidade das orixes e das culturas do seu alumnado. Ademais, a educación intercultural terá que impregnar toda a comunidade educativa alén da práctica educativa que o profesorado desprega nas aulas. Neste sentido, as canles de comunicación que os centros lles propoñen ás familias deben ter en conta a súa diversidade social, económica e cultural. Igualmente, as asociacións de pais e nais de alumnos deben asumir esta diversidade familiar e incorporala ás súas propostas.

ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA

Uns dos retos más importantes relativos á escolarización dos nenos estranxeiros é o de lle dar unha resposta eficiente ó alumnado que se incorpora ó sistema educativo a partir do ciclo medio de ensino primario. Non é o mesmo incorporarse á educación primaria que á educación secundaria e, nesta segunda, non é o mesmo facelo no primeiro que no segundo ciclo. En calquera caso, a escolarización terá que combina-la integración social no centro escolar dende o momento da chegada e a atención individualizada para domina-las ferramentas instrumentais necesarias nos procesos de ensino e aprendizaxe. Débese ter en conta que os factores psicolóxicos relacionados coa boa acollida e un contorno afectivo positivo teñen tanto peso como os mesmos coñecementos. Cando a incorporación se produce durante a etapa da secundaria e co curso iniciado, pode ser precisa unha atención intensiva que agrupe temporalmente os recentemente chegados e os prepare para a incorporación ó sistema educativo ordinario. Non embargante, aínda que unha atención intensiva resulte conveniente, a prolongación destas experiencias podería altera-los obxectivos educativos previstos.

Para este alumnado, ademais da titoría grupal, convén realizar unha titoría máis individualizada que poída efectuar un seguimento das aprendizaxes instrumentais básicas. Este/a titor/a terá que preocuparse de establece-lo historial educativo do alumno/a e terá que garantir un contacto persoal e coa familia. En ensino secundario, ademais é importante que os titores e as titoras sexan sensibles ás dificultades que parte destes rapaces e rapazas teñen na súa vida cotiá fóra da escola.

Cómpre tamén a elaboración de adaptacións curriculares de carácter temporal a curto ou medio prazo, co obxectivo de se axustaren ás súas necesidades educativas, poder observa-los seus progresos e poder adopta-las decisións correspondentes. Estas adaptacións realizaranse a partir dunha avaliacián psicopedagóxica que teña en conta o nivel de competencias do alumno, as súas estratexias, o ritmo de aprendizaxe e a análise do contexto escolar e familiar. As adaptacións curriculares terán que facer fincapé nas aprendizaxes instrumentais básicas.

FORMACIÓN DO PROFESORADO

Obsérvase que a maioría de profesores e profesoras en activo recibiron unha formación inicial que non tiña en conta os contidos da educación intercultural nin os aspectos curriculares, metodolóxicos e organizativos que se derivan dos problemas educativos relativos á incorporación tardía do alumnado estranxeiro. Neste sentido, convén desenvolver con intensidade unhas actividades de formación do profesorado que teñan en conta todos estes aspectos, e convén así mesmo facer unha reflexión en profundidade sobre o tipo de axudas específicas que teñen que recibi-los rapaces e rapazas inmigrantes para garanti-lo seu desenvolvemento integral, xa que non se trata dun colectivo homoxéneo e, por conseguinte, os tipos de axuda tampouco poden ser iguais. E convén, sobre todo, unha auténtica reconversión profesional: requírese un profesorado disposto a atender e a educar un alumnado cada vez máis diverso social e culturalmente.

ESCOLARIZACIÓN E CONCENTRACIÓN ESCOLAR DO ALUMNADO INMIGRADO

A concentración de alumnos inmigrantes en determinadas escolas é consecuencia natural do feito de que a poboación inmigrada que procede de países subdesenvolvidos adoita concentrarse en determinados lugares onde é posible atopar traballo e onde a vivenda ten un prezo máis alcanzable.

A partir da convicción sobre a conveniencia de impulsa-la integración cultural, insístese nunha desconcentración, sometida a certos límites, como medida necesaria para a integración dos alumnos inmigrados no noso sistema educativo.

A desconcentración realizada por zonas, localidades ou barrios é posible se se realiza con sensibilidade pedagóxica, flexibilidade e unha axeitada acollida dos rapaces e rapazas, coa condición de que se consiga o consenso institucional e social.

Así pois, para avanzar na desconcentración, formúlanse as propostas seguintes:

- a) O dialogo social. Débese impulsa-la reflexión e o intercambio entre tódolos implicados, tamén co colectivo recentemente chegado e as súas asociacións, para informar, sensibilizar e concienciar sobre a problemática que afecta a toda a comunidade.
- b) O diagnostico. A partir do coñecemento detallado das posibilidades do contorno e das características e a situación da inmigración convén emitir un diagnostico para orientar sobre as medidas para adoptar e determina-las accións e os recursos.
- c) O proxecto global. As accións illadas son pouco eficaces e adoitan ser discontinuas. Convén elaborar un proxecto global, de acordo co territorio (comarca, cidade, vila ou barrio), que parta do consenso e do compromiso máximos, e que dispoña de efectivos para asumi-la tarefa de coordinación.
- d) A coordinación de tódalas instancias. A educación educativa e os seus diferentes programas, a Administración local e tódalas áreas correspondentes, as institucións e os axentes sociais do territorio deben actuar de forma coordinada.
- e) A información e a formación na educación intercultural, como orientación global e explicativa das medidas que se arbitren.
- f) Dispor dos recursos necesarios e velar pola aplicación coordinada, eficaz e rendible. Convén prestarlle atención especial á organización dos recursos procedentes das diferentes instancias.
- g) A mediación. Establecemento das situacións que se deben atender para cubrir tódalas necesidades.
- h) O compromiso político. Deben de existir medidas concretas e operativas de acollida, orientación, vivenda, industria, servicios sociais, lecer, etc.

ANEXO I: MARCO LEGAL

- Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.
- Decreto 75/1992, do 2 de marzo (DOGC do 3-4-1992), polo que se establece a ordenación xeral dos ensinos da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria obligatoria en Cataluña.
- Decreto 95/1992, do 28 de abril (DOGC do 13-5-1992), polo que se establece a ordenación curricular da educación primaria.
- Decreto 96/1992, do 28 de abril (DOGC do 13-5-1992), polo que se establece a ordenación das ensinanzas da educación secundaria obligatoria.
- Orde do 3 de xuño de 1996 (DOGC do 7-6-1996), pola que se desenvolve a organización do currículo e a avaliación das ensinanzas da educación secundaria obligatoria.
- Decreto 155/1994, do 28 de xuño (DOGC do 8-7-1994), polo que se regulan os servicios educativos do Departamento de Ensino.
- Orde do 25 de agosto de 1994 (DOGC do 14-9-1994), e orde do 24 de novembro de 1998 (DOG do 18-1-1999), que establecen o procedemento para a autorización de modificación de elementos prescriptivos do currículo das etapas de educación infantil e educación primaria e da etapa de educación secundaria obligatoria, respectivamente.
- Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes.
- Decreto 299/1997, do 25 de novembro (DOGC do 28-11-1997), sobre a atención educativa ó alumnado con necesidades educativas especiais.
- Orde do 3 de setembro e 1996 (DOGC do 4-10-1996), pola que se regulamenta o procedemento de cualificación de determinados centros públicos ou privados sostidos con fondos públicos de Cataluña como centros de atención educativa preferente.
- Decreto 72/1996, do 5 de marzo (DOGC do 8-3-1996), modificado polo Decreto 53/1997, do 4 de marzo (DOGC do 12-3-1997), polo que se establece o réxime de admisión de alumnos nos centros docentes sostidos con fondos públicos.
- Resolución anual pola que se aproban as normas de preinscripción e matriculación dos alumnos dos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinos de réxime xeral e das artes plásticas e deseño para o curso correspondente.
- Resolución sobre a escolarización de alumnos con necesidades educativas derivadas de situacións sociais ou culturais desfavorecidas.
- Resoluciós que dan instruccíons de organización e funcionamento ós centros docentes públicos e privados de Cataluña para o curso correspondente (as últimas publicadas en xuño de 1999 para o curso 1999-2000).

- Instruccións da Dirección Xeral de Ordenación Educativa sobre organización e funcionamento do Programa de Educación Compensatoria.

ANEXO II: BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTACIÓN REFERIDA Á ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E A ESCOLA INTERCULTURAL

✓ *La diversitat a l'escola.* Col·lecció Documents. Consell Escolar de Catalunya, 1998.

Cada ano o Consello Escolar de Cataluña organiza unha xornada de reflexión sobre un tema que considera de interese para a comunidade educativa. A Edición de 1997 estivo dedicada a “A diversidade na escola”. Este documento reúne os relatorios presentados por persoas expertas no tema, algunas experiencias realizadas en centros educativos e as sínteses dos debates, ademais das contribucións que o Consello Escolar de Cataluña elaborara para cada unha das mesas redondas (“A atención ó alumnado con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais de carácter leve ou grave”, “A atención ó alumnado con sobredotación de capacidade intelectual”, “A atención ó alumnado en situacións sociais ou culturais con risco de exclusión” e “A atención ó alumnado con trastornos graves de conducta”.

✓ *L'atenció a l'alumnat immigrat i de minories étniques en el nostre sistema educatiu.* Consell Escolar de Catalunya, 1999.

O Consello Escolar de Cataluña propúxose en setembro de 1998 valorar e achegar reflexións e vías de solución á situación exposta xurdida pola incorporación ó sistema educativo catalán de fillos e fillas de inmigrantes que desexan atopar un medio de vida na nosa comunidade. Por iso, determinouse crear unha subcomisión específica para estudiar globalmente as condicións de escolarización e propor medidas para impulsala integración. Este dossier presenta o informe elaborado pola subcomisión e aprobado polo pleno do Consello Escolar de Cataluña o 14 de xullo de 1999.

✓ *Educació intercultural.* Col·lecció orientacions per al desplegament del currículum. Departament d'Ensenyament. 1996.

O documento consta dunha primeira parte teórica, na que se define a educación intercultural, os obxectivos que se propón e o papel do profesorado; unha segunda parte contén orienta-

ción para un currículo intercultural e unha terceira parte amosa exemplificacións, recursos e experiencias interculturais.

- ✓ *Atenció a la diversitat a l'ESO: 50 idees per a l'acció*. Col·lecció Educació Secundària Obligatoria. Departament d'Ensenyament, 1996.

O texto presenta, tras algunas ideas sobre os aspectos xerais da atención á diversidade, unha serie de propostas viables para a acción do profesorado en diferentes ámbitos que pretenden ser útiles para o desenvolvemento do currículo e as súas adaptacións, para tomar decisións en aspectos organizativos, para a identificación dos alumnos que terán que ser obxecto de atencións específicas e, especialmente, para prever as actuacións necesarias e a utilización axeitada dos recursos dispoñibles nos centros de educación secundaria.

- ✓ *Criteris psicopedagògics per a l'atenció a la diversitat*. Col·lecció Educació Secundària Obligatoria. Departament d'Ensenyament, 1998.

Documento especialmente dirixido ós equipos de asesoramento psicopedagóxico (EAP), ó profesorado de Psicoloxía e Pedagogía e ós mestres de Pedagogía Terapéutica incorporados á ESO, no que se especifican algúns criterios para a adaptación do currículo dende a perspectiva da responsabilidade educativa á diversidade do alumnado, con exemplificacións para as áreas de ciencias experimentais, lingua e matemáticas da etapa de educación secundaria obligatoria.

- ✓ *Escalarizació d'alumnat fil de famílies immigrants*. Departament d'Ensenyament, 1999.

Informe elaborado pola comisión de estudio da escolarización de alumnado procedente de familias inmigrantes, creada por Resolución do conselleiro de Ensino o 22 de decembro de 1998, no que se analiza a situación en Cataluña e as actuacións realizadas ata o momento co obxectivo de formular un conxunto de propostas e recomendación para a mellora da atención educativa á poboación escolar estranxeira.

- ✓ *Diccionari visual cátala-àrab*. Departament d'Ensenyament, 1999.

O Departamento de Ensino pon ó dispouro do profesorado un material didáctico que lles facilita ós alumnos que teñen árabe como lingua familiar, no momento da súa incorporación ó sistema educativo catalán, que realicen o antes posible a aprendizaxe da lingua vehicular do centro, a adap-

tación ó novo contorno escolar e social, a comunicación e as aprendizaxes curriculares. Trátase dun vocabulario básico sobre temas cotiáns (os obxectos da aula, a casa, o contorno, os oficios, etc.) coas palabras correspondentes en catalán e en árabe.